



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 / 609 24 11 38 / E-mail: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES - C.I.F.: P-1507800-1

## “XIII CONCURSO DE ESCAPARATES NO NADAL 2019”

### BASES DE PARTICIPACIÓN

Prego de bases que rexerán a participación no XIII Concurso de escaparates no Nadal 2019 organizado polo Concello de Santa Comba e en colaboración coa Asociación de Empresarios de Santa Comba.

**1.- Participación:** Poderán participar neste concurso tódolos/as comerciantes titulares e/ou cotitulares de establecementos comerciais ou, no seu caso, persoa designada aos efectos do concurso, situado no Concello de Santa Comba, que contén cun escaparate.

**2.- Inscripción:** É gratuíta e deberase realizar de forma presencial na Asociación de Empresarios de Santa Comba (Rúa Pontevedra, nº 9).

**3.- Prazo de inscrición:** Comezará ás 00:00 horas do luns 09 de decembro de 2019 e rematará o Xoves 16 de decembro de 2019 ás 14:00 horas.

#### 4.- Valoración dos escaparates:

- **Selección:** Será pública, por medio dunha votación popular, da cal saíran os 10 escaparates finalistas, dos cales, os dous máis votados, serán os mellores. O prazo de selección popular será nos cinco días naturais posteriores ao peche do período de inscrición (Do 17 ao 21 de decembro). As votacións populares realizaranse por medio dun formulario online habilitado nas plataformas dixitais do Concello de Santa Comba.
- **Premio especial do xurado:** Sobre esos finalistas, e exceptuando os dous mellores máis votados (populares), o xurado elixirá un premio especial. Farao dentro dos tres días hábiles seguintes ao peche do período de votación popular, a partires das 18:00 horas.
- **O xurado terá en conta os seguintes aspectos:** Deseño (composición do escaparate material utilizado, a creación artística e o traballo manual), orixinalidade (escaparates novidosos e/ou pouco vistos), Iluminación (iluminación extra, concorde e complementaria do escaparate), referencia ao Nadal (referencia a motivos navideños tradicionais e/ou festivos), e relación co produto que vende o establecemento.
- **Prazo de exposición:** Os escaparates deberán permanecer invariables dende o último día do período de inscrición ata o día 6 de xaneiro de 2020, e deberán ter visible o distintivo do concurso. En caso contrario o premio quedará deserto.

**5.- Premios (contía):** Establécese un total de 10 premios cunha contía total de 1.250,00 €uros en premios repartidos da seguinte forma: Dous mellores escaparates dotados cunha contía económica de 300,00 €uros cada un (total 600,00 €uros). Un premio especial do xurado dotado cunha contía económica de 300,00 €uros. E sete accesits



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 - E-mail: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES - C.I.F.: P-1507800-1

dotados cunha contía económica de 50 €uros cada un (total 350,00 €uros). Todos eles líquidos. O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos se o estimase oportuno.

**6.- Premios (entrega):** Unha vez examinados os escaparates, o xurado dará a coñecer o seu fallo, o que será comunicado de maneira persoal aos gañadores. O acto de entrega de premios levaráse a cabo no lugar e día que designe o xurado en base as necesidades operativas da programación municipal e a axenda de actividades que poidan ter as autoridades que participen na entrega. Para poder cobrar o premio, o galardonado ou persoa en que delegue, deberá estar presente na entrega de premios. En caso contrario o premio quedará deserto. A decisión do xurado será inapelable.

**7.- Xurado (composición):** Dúas persoas nomeadas polo Concello de Santa Comba, e unha persoa nomeada pola Asociación de Empresarios de Santa Comba.

**8.-** O feito de solicitar a participación neste concurso supón a aceptación destas bases. Calquer discrepancia que xurda no concurso e que non figure nestas bases decidirá o xurado por unanimidade.

Santa Comba, 5 de decembro de 2019

Asdo:

O Alcalde

David Barbeira García